









# A Pomba e o Degolado

## Fina Casalderrey

XERAIS





## FICHA TÉCNICA

Título: *A Pomba e o Degolado*  
Autor: Fina Casalderrey  
Editorial: Edicións Xerais de Galicia  
Colección: Fóra de Xogo  
Nº páxinas: 176  
ISBN: 978-84-9782-559-7



## A AUTORA

FINA CASALDERREY

Fina Casalderrey (Xeive, 1951). Profesora, etnógrafa vocacional, gastrónoma, xornalista... e, sobre todo, escritora. Tanto é así que está considerada unha das autoras máis recoñecidas e traducidas da literatura infantil galega.

2

É coautora, xunto con Mariano García, de obras gastronómicas como *O libro da empanada*, *Festas gastronómicas de Galicia*, *Repostería de Galicia*...


Autora e directora de varias obras teatrais na escola que recolleu na publicación *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola*.

Entre as súas obras xuvenís podemos citar: *Mutacións xenéticas*, *A noite dos coroides*, *¡Asústate, Merche!*, *¡Prohibido casar, papá!*, *A máscara de palma*... Entre as infantís, *Cando a Terra esqueceu xirar*, *Eu son eu*, *¡Un can no piso!*, *¡E que?*, *Nolo e os ladróns de leña*, *Unha raíña negra*, *¡Puag, que noxo!*, *O meu avó é unha gata*, *Un misterio na mochila de Alba*, *Isha, nacida do corazón*, *O estanque dos parrulos pobres*, *O misterio dos fillos de Lúa*...

Recibiu premios como o Merlín por *Dúas bágoas por Máquina*, O Barco de Vapor e o Premio Nacional de Literatura Infantil por *O misterio dos fillos de Lúa*, o Premio Edebé por *O estanque dos parrulos pobres*.

A súa obra *¡Quen me quere adoptar?* foi seleccionada para os White Raven, ao igual que *¡Prohibido casar, papá!*

Na lista de honra de CLIJ están os seus libros *Chamizo*, *¡Asústate, Merche!*, *O estanque dos parrulos pobres*, *Ás de mosca para Anxo*, *Pimpín e Dona Gata*, *O meu avó é unha gata*, *¡Quen me quere adoptar?*, *Isha, nacida do corazón*, *¡Puag, que noxo!* Este último, así como *O misterio dos fillos de Lúa*, están incluídos nos mellores da década de CLIJ. Tamén está na lista de honra da CCEI a súa obra *O estanque dos parrulos pobres* e conta coa Placa de prata Editorial SM por superar os 100.000 exemplares de *El misterio de los hijos de Lúa*.



## O LIBRO

Nesta novela reflíctese o mundo dos adolescentes con todos os seus problemas, con aquilo no que poden apoiarse e tamén o que os fai tambalear. Queda patente unha experiencia de acoso escolar na que a autora analiza as causas desa situación persoal de baixa estima na que se move o protagonista. O maltrato entre iguais, o poder que se exerce sobre os máis débiles sen ningún tipo de trabas, o silencio cómplice dos demais e os esforzos por entender o que sucede por parte dalgún profesor e compañeiro. O pánico ao tempo de recreo no que os amos son eses rapaces que non coñecen os límites da crueldade, algo que semella moi afastado pero pode estar vivindo entre nós.

Unha obra na que a autora retoma a relación cos avós con toda a forza e valor que esta pode ter, especialmente nestes momentos, nos que non sempre os pais asumen as súas responsabilidades.

Un texto no que se recolle outra maneira de relación cun ordenador por medio; unha relación libre que pode servir de apoio en momentos determinados da vida.



## TEMAS E VALORES


- *Amizades cibernéticas.*
- *O acoso escolar.*
- O proceso polo que se vai producindo, o silencio cómplice...
- *As bromas pesadas.*
- *A baixa autoestima.*
- *Os difíciles momentos da adolescencia.*
- *Medio ambiente.*

Coidado de cans e paxaros. As relacións cos animais: apadriñar cans sen dono ou recoller paxaros para coidar e liberar.

- *A enfermidade e a morte.*
- *Relacións familiares.*

Avós-netos. O cambio de papeis ou cando os fillos teñen que facer de pais... A nai e o pai, o que cada un deles fai, a maneira de reaccionar, a relación que se establece con cada un deles... As relación filiais. A separación dos pais. O papel de cada un deles na crianza e evolución dos fillos. A responsabilidade dos pais e a maneira de exercela ou non. A paternidade irresponsable. Eses pais que son eternos Peter Pan.

- *A problemática das drogas e a súa repercusión.*
- *A inmigración ilegal.*



## ACTIVIDADES

\* As actividades que se propoñen a continuación están pensadas para que o profesorado elixa aquelas que poidan resultar máis adecuadas para o seu alumnado ou para a dinámica do grupo.

### ANTES DA LECTURA:

- Cando collemos o libro na man por primeira vez, podemos poñer en marcha unha serie de accións previas á lectura e que teñen que ver coas predicións sobre o tipo de texto, a historia e a autora, sobre outros títulos coñecidos desta creadora ou outros títulos da colección.
- Obrigarémonos a ter en conta a información que aparece na contratapa e a que achega a imaxe da portada, igual que toda aquela que vai saíndo á luz, procedente dos coñecementos previos do alumnado.
- O profesorado decidirá se comeza presentando o libro dando algunha información que axude a superar as resistencias iniciais ou se unicamente fomenta a expresión do alumnado a modo de anticipacións sobre a obra e coas informacións que posúe ao respecto ou que van aflorando coa axuda de suxestións. A persoa mediadora tomará a decisión acerca de como facelo, a través dunha posta en común ou de calquera outra maneira.
- É fundamental ter clara a finalidade da lectura, saber para que lemos, que estamos buscando... como realizamos esa primeira lectura na que seguimos a historia buscando a continuación do argumento, deténdonos naqueles momentos que requiren máis atención ou nos atraen máis, adiantándonos ou volvendo atrás para repasar determinados momentos, achegando o significado das palabras novas polo contexto ou buscándoo no dicionario, extraendo o importante e distinguíndoo do que non o é, resumindo o que levamos lido para continuar coa idea global, etc.

### AO LONGO DA LECTURA:

- Coa finalidade de facilitar a comprensión lectora, unha actividade que pode resultar de interese é poñerlle título a cada un dos capítulos.
- Explicar a frase que aparece na páxina 20: «A nostalgia é coma un traxe de talle inferior ao necesario que che preme no peito». Logo, realizar a definición, tendo en conta o modelo, dos seguintes termos: a esperanza, a dozura, a amizade, a morriña.

- Situacións como unha amizade a través do chat poden dar lugar a actividades como escribir os diálogos posibles de cada lector cunha amiga ou amigo «secreto».
- Aquilo que imos descubrindo na lectura e nos chama a atención o suficiente como para pararnos a comentalo:
  - Momentos nos que semella que nos facemos invisibles para os demais, como cando no tempo da separación nin o pai nin a nai atenden ao protagonista.
  - O momento no que a avoa prepara o enterro do avó cando el aínda está vivo.
  - A cadea de malentendidos cos que acostuma xogar esta autora provocando situacións humorísticas, que poden ser comentadas e, posteriormente, buscar outras:
    - Cando André –ao comezo da obra– interpreta o que está a pasar coma un regalo sorpresa ante a proximidade do seu santo.
    - «Ollos de conxuntivite», cando están producidos por chorar e non por unha enfermidade.
    - A barba e a marcha do pai porque vai exercer de Rei Mago e outras que se poden buscar.
- Entendede as frases ao pé da letra («conxelar a paga», «estudar nocturno»...). Isto levaranos á reflexión sobre eses detalles que normalmente nos pasan desapercibidos. Sacádelle proveito á técnica buscando outros que se presten e escribindo historias arredor deles.
- Elementos que aparecen no texto e poden dar pé a determinadas actividades, como o estudo dos paxaros que aparecen aí recollidos e doutros que poidamos coñecer na realidade ou documentarnos. A comparación das características destes con determinados trazos humanos ao estilo de como aparece no texto en relación ao cuco e outros.
- Aspectos cos que poder traballar como a comparación da vida coa dos paxaros ou cos barcos. O orfanato de paxaros. O feito de poñerlles música. A sensación de abrir as gaiolas para darlles a liberdade.
- Buscade os recursos literarios que utiliza a autora: comparacións, metáforas... Citádeos («A nosa casa era un barco á deriva co temón roto»...) e comentádeos. Escribide outros que poderían servir igualmente.
- Localizade frases feitas, por exemplo «quíxenlle pola vida».
- Prestádelle atención ao léxico relacionado coa informática e a linguaxe propia das mensaxes dixitais.
- O tratamento do mundo da drogadicción: a morte do pai do amigo por sobre-dose, a nai que anda «esquecida da súa vida, atrapada nas poutas das drogas». Os argumentos do pai e do fillo en relación ás drogas, as malleiras que este lle propina cando está colocado, o mal que se portaba «cando non era el», como o defende a pesar de todo (del di ter herdado a afección a acubillar os cans sen dono, «meu pai foi o inventor da risa», «cando estaba ben era o mellor»...).

Reflexionade en torno a todo isto. Realizade debates, postas en común para intercambiar as experiencias ou opinións de cadaquén a respecto destas adicións.

- Explicade determinadas frases: «Hoxe temos máis e somos máis pobres»; «Ándase tanto en coche que se pasa veloz por todo»; «Buscan metas e esquecen camiñar a gusto...»; «Sempre chove cando nos morre alguén»; «Gustábanos camiñar baixo a chuvia coa auga levándonos por dentro»; «Por min non vai preguntar ninguén a partir de hoxe»; «Ábrolles (aos paxaros), doulles o billete de ida e volta, e que fagan o que queiran»; «Fuches mal pai e mal fillo».
- Os temas poden dar pé á organización de debates ou barómetros de valores. Así reflexionaremos en torno a eles.
- Analizade as relacións:
  - A necesidade de pai, de contar coa figura paterna (aínda cando este sexa un drogadicto ou un irresponsable que non dá medrado, como no caso do pai do protagonista).
  - Amizades que se perden por non coidalas, cando a promesa de amizade eterna é incumprida...
  - A separación dos pais («Cando o amor entre os pais ten data de caducidade»).
  - A relación cos avós (que é un tema tan querido por esta autora).
- Podemos realizar lecturas posteriores coa finalidade de buscar datos máis específicos.

## 6

DESPOIS DA LECTURA:

- Unha vez rematada a lectura, será o momento de facer unha revisión sobre o lido, pensando acerca do texto, de cal era o tema principal, de cantas historias se nos contaron e cal delas era a principal, dos personaxes que sustentan o relato e do papel do narrador, de explicitar as sensacións e afectos que nos provocou, con que personaxe nos identificamos máis, de resumir o texto e incluso realizar outro tipo de técnicas máis esquemáticas para comprendelo mellor, como poden ser os mapas conceptuais ou as liñas argumentais, de situar a historia no tempo (de cando a cando) e no espazo, de ver aquilo que nos achegou, do que aprendemos que non sabiamos, de crear en base a el continuándoo, de comentar o que opinamos acerca del e dos valores que propón...
- Poñemos este libro en relación con outros libros coñecidos –poden ser da mesma autora ou doutros– que tratan temas semellantes, con personaxes que nos lembran a estes.
- Certamente, ademais dos aspectos que son comúns a calquera texto, han de terse en conta aqueloutros que atinxen especificamente a este pola maneira na que está escrito, pola temática que presenta, polos personaxes que nela aparecen, polos valores que se defenden, polos recursos que utiliza, etc.

- En base a todo isto, cítaranse para poder ser utilizados sempre que ao mediador lle poida interesar facelo, determinados temas como:

—Ir de duro para que o respecten, facerse o tolo e o arroutado para que non o ataquen.

—Temor ao encontro coa amiga cibernética.

—A expresión dos sentimentos: a conversa co avó para atalo á vida repetíndolle unha e outra vez «tranquilo campión» ata o momento en que xa o deixa ir («descansa xa, para de respirar, vaite...»), ou ese momento do enterro no que comeza dando as grazas e remata falando co avó.

—Referencias literarias. O traballo con elas sempre permitirá outras lecturas, ese ir dun libro a outro por camiños que nos achegan ao gozo cultural e, tamén, ao intercambio de información acerca de músicas, personaxes, etc.

-*O corvo* de Edgar Allan Poe. Vede se é posible buscar a relación do «nunca máis» que alí aparece co nome daquel colectivo famoso na época da marea negra do *Prestige*.

-O cabuxiño do conto e a maneira de actuar cando alguén chama á porta sen ser coñecido.

-O can de Ulises.

-O capitán Flint.

Libros como *Eva Luna*, *O Principiño*, *O Quixote*, o álbum *Bolboretas* de Xabier P. Docampo e Xosé Cobas...

-Escritores como Macías o Namorado.

—Outras referencias como as musicais ou as de iconas da actualidade como *Os Simpson*, *Spíderman*, o *Prestige*.

- Observade o comezo e o final dos capítulos. Comprobaredes que hai unha unión entre o final dun e o comezo do seguinte. Comentade cal pode ser a pretensión da autora ao empregar este recurso.

- A documentación acerca da autora pode realizarse no apartado do libro que leva ese título («A autora»), ampliarse na páxina web da editorial ou na da propia autora, na biblioteca virtual galega ou a través dun buscador. Do mesmo xeito, podemos buscar información acerca deste libro e doutros de Fina Casalderrey a través de Internet.

- Temos en conta a voz do narrador e opinamos sobre a maneira na que cambiaría o texto se modificásenos ese punto de vista.

- Intercambiamos opinións sobre a novela, comentamos o que máis nos gusta e o que menos, aquilo que nos chamou a atención, aquilo que nos gustou e poderíamos recoller como citas, aquilo que anotamos para ler en voz alta...

- Unha vez rematada a lectura, pódese revisar a dedicatoria e pensar a quen lla regalaríamos e con que palabras.

→ FÓRA DE XOGO

# A Pomba e o Degolado

Fina Casalderrey



#### Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya**  
**Polígono Pocomaco**  
**Avenida 3 Edificio Diana**  
**Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña**  
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

#### XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo  
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
Telefax: (986) 20 13 66  
Correo electrónico: xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2007  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2007  
Depósito legal: VG 504-2008